

# **CONSTRUCCIÓN SOCIAL DA REALIDADE E PERCECIÓNS COLECTIVAS DA SEGURIDADE ANTE O DELITO**

*Prof. Dr. José Ángel Brandariz García*  
Profesor Titular de Dereito Penal  
Universidade da Coruña (España)

*Un é cidadán só na medida  
en que non está atemorizado*  
*P. VIRILIO, Pure War*

## **1. Introducción**

O presente texto ten como obxecto de atención a relación entre a seguridade, como concepto xenérico, difuso e abstracto, e a seguridade ante o delito; en concreto, pretende revisar como se dá esa relación no presente, como é percibida polo conxunto da cidadanía, e que consecuencias se derivan de tal relación e de tal percepción.

A modo de introdución, cabe sinalar que o punto de partida do que se pretende abordar neste texto sitúa-se na constatación de que a etapa histórica que estamos a vivir caracterízase, alén doutros rasgos nucleares, polo elevado nivel obxectivo de inseguridade, así como pola acusada sensación social de risco.

Ambas circunstancias teñen consecuencias de moi notable transcendencia, entre outras cousas -e aos efectos que aquí interesan-, en relación coas políticas que se deseñan fronte á criminalidade, respecto das cais o verdadeiramente relevante non é aquel nivel obxectivo de inseguridade, senón a percepción social da mesma.<sup>1</sup> Como consecuencia, a finalidade das políticas penais oficiais tende a ser, cada vez máis, a

---

<sup>1</sup> Ver PAVARINI, 1997: 79, 81; SILVA SÁNCHEZ, 2001: 32.

redución da sensación social de inseguridade ante o crime, e non tanto a simples limitación das taxas de delincuencia.<sup>2</sup> Non menos trascendente é asumir desde o inicio que ambas magnitudes non coinciden. Do mesmo xeito que a percepción subxetiva da inseguridade é desproporcionada en relación coa entidade obxectiva dos perigos,<sup>3</sup> o temor subxetivo ao delito non garda correlación cos índices efectivos de criminalidade ou de vitimización.<sup>4</sup> En consecuencia, é necesario comprender que a inseguridade ante a criminalidade é unha construción social na que o efectivo risco criminal cumpre un papel relativamente secundario.<sup>5</sup>

Desde estas premisas, o obxectivo do texto é analizar, sequera de xeito somero, como é posible que unha percepción social de inseguridade de amplo alcance, que resposta á emerxencia de riscos de carácter sistémico, tenda cada vez máis a ser codificada como demanda de protección institucional ante específicos riscos, derivados de concretos fenómenos de criminalidade e desorde pública.<sup>6</sup>

## 2. Perigos e riscos nas sociedades contemporáneas

É hoxe case un lugar común caracterizar a realidade social do presente como a da *sociedade do risco* ou, se se quere, a do *futuro de inseguridade permanente*.<sup>7</sup> Sen perxuro da breve análise obxectiva que

---

<sup>2</sup> Ver GARLAND, 2005: 208 e s.; Díez RIPOLLÉS, 2005: 257.

<sup>3</sup> Ver CASTEL, 2003: 7, 22; MENDOZA BUERGO, 2001: 30; YOUNG, 2003: 122 e ss.

<sup>4</sup> Ver BECKETT/SASSON, 2004: 107; DIAS NETO, 2004: 130; FUENTES OSORIO, 2005: 23 e s.; GARLAND, 2005: 184, 208, algúns dos cais sinalan que unha das circunstancias que distorsiona a relación perigo obxectivo de vitimización-medo ao delito é a propia selectividade coa que opera este sentimento, centrado de xeito case exclusivo en delitos violentos, contra as persoas ou de carácter patrimonial.

<sup>5</sup> Ver PAVARINI, 1997: 79, 81.

<sup>6</sup> Sobre a cuestión, ver ANASTASIA, 2006: 365; Díez RIPOLLÉS, 2005: 253 e ss.

<sup>7</sup> Á hora de falar de *sociedade do risco* ou de *futuro de inseguridade permanente*, constitúe unha referencia inevitable o pensamento de BECK, plasmado inicialmente no seu libro, xa clásico, *La sociedad del riesgo* (1998). Plantexamentos similares sobre a caracterización da sociedade do risco poden atopar-se en multitude de obras, entre elas as de sociólogos de singular transcendencia, como BAUMAN (2003: 169 e s.) ou GIDDENS (1993: 20 e ss., 119 e ss.). Sobre isto, ver asimesmo Díez RIPOLLÉS, 2005: 245 e ss.; FARIA, 2001: 210 e ss.; MENDOZA BUERGO, 2001: 24 e ss.; REVELLI, 2002: 184 e ss.

a continuación se realiza, desde a perspectiva subxetiva cabe asumir que a sensación de incertidume e de inseguridade, e mesmo o medo, son algunhas das tonalidades emotivas que mellor caracterizan a sociedade do presente.<sup>8</sup>

Poderosas razóns hai para iso. Na actualidade preséntan-se factores de risco de extraordinaria relevancia, que na etapa histórica anterior non existían, ou eran desconsiderados. Valga, xa que logo, facer unha referencia, cando menos superficial, a eses *novos* riscos.

Un conxunto fundamental de factores de risco deriva-se das mutacións do sistema económico, que inciden sobre as formas de inserción dos individuos nas relacións produtivas, así como nas posibilidades de derivar delas recursos para subvir á satisfacción das súas necesidades básicas. Probablemente este conxunto de factores de risco de carácter socioeconómico pode inscribir-se, fundamentalmente, en dúas evolucións capitais.

Por unha banda, no declive do Estado do Benestar, que ten restrinxido os mecanismos públicos de asistencia ante situacións carenciais –de emprego, de saúde, de capacidade para traballar-, obrigando aos suxeitos a procurar laboriosamente outros recursos de sustento antes estas circunstancias, de xeito sinalado nos seus respectivos eidos privados ou comunitarios. A evidente percepción da exclusión social, como risco constante de mobilidade social descendente, determina que esa progresiva ausencia de cobertura pública das situacións carenciais sexa experimentada cunha ansiedade intensificada.

Por outra banda, estes factores de risco de carácter económico deben inscribir-se no marco do paso ao modo de regulación postfordista. No curso dese proceso histórico, as innovacións tecnolóxicas incorporadas aos sistemas produtivos teñen causando a emerxencia e a solidificación dunhas certas taxas de desemprego estrutural,

---

<sup>8</sup> Ver SILVA SÁNCHEZ, 2001: 32, quen, con lucidez, fala de '*sociedade da "inseguridade sentida" (ou do medo)*'. Ver asimesmo HARDT/NEGRI., 2002: 310; DAL LAGO, 2004: 81 –quen fala do medo como 'recurso' primario do eido político-.

descoñecidas con anterioridade, determinando deste xeito que a caréncia de traballo remunerado sexa un fenómeno permanentemente ameazante. Con todo, tal vez non é este o factor de risco principal que se deriva do tránsito ao postfordismo. En efecto, como un fenómeno probablemente máis relevante que a consolidación dunha certa taxa estrutural de desemprego, no novo esquema produtivo postfordista, de carácter altamente flexibilizador, difúndese a precarización crecente, ante todo como experiencia de biografía laboral que pon termo ao emprego garantido e con dereitos de carácter perenne. Esa efectiva caréncia dun emprego de calidade perpétuo, esa estable inestabilidade, xera unha moi relevante sensación de inseguridade ante a posibilidade de seguir xerando recursos para satisfacer as necesidades humanas no futuro. A precariedade, non obstante, trascende por completo a condición laboral do individuo, convertíndose nunha sorte de incertidume biográfica. En efecto, nun contexto de crecente privatización do suministro de bens e servizos básicos, a precariedade, como condición do suxeito no eido produtivo, acaba impregnando en maior ou menor medida todos os mundos de vida.

Deste xeito, o novo réxime produtivo, e o esquema estatal de regulación das relacións socioeconómicas, producen riscos individuais e sociais que son percibidos subxetivamente con grande intensidade. Se a isto se engade que nos códigos axiolóxicos do presente emerxen de xeito relevante valores como o individualismo, a moral do éxito –e, por tanto, do fracaso– ou a competencia *darwinista*, pode comprenderse con facilidade que esa percepción social de inseguridade deveña verdadeira ansiedade.

Unha segunda fonte principal de factores de inseguridade é a crise de referentes identitarios e de socialización básicos, sobre os que se ten sustentado a estrutura fundamental da organización social cando menos durante boa parte da Modernidade.

En crise e profundo mudanza están a familia e as relacións de xénero subxacentes, como consecuencia da propia crise do modelo patriarcal sobre o que ambas se viñan sustentando. Os efectos desta crise maniféstan-se tanto na vulnerabilidade do modelo de familia tradicional (descenso acusado da taxa de natalidade, incremento do número de separacións e divorcios) canto na propia multiplicación de modelos familiares e de convivencia alternativos, e, noutro plano, nunha mutación de formidable alcance das pautas de comportamento construídas en función do xénero, debida ante todo á incorporación masiva da muller ao mercado laboral.

Non é menor a crise da clase social como referente identitario e de socialización, pero tamén como dispositivo de regulación de comportamentos, como moral específica; crise consecuencia non só dun poderoso desexo, propio do fordismo tardío, de mobilidade social e de superación dos estreitos moldes clasistas, senón sobre todo dun modelo produtivo ulterior que convirte en móbiles e difusos os esquemas de identificación no plano laboral.

A isto se engade a crise dos referentes de identificación de base local e territorial. Por unha banda, a crise da Nación -ou mellor, do Estado-Nación-, referente xurídico-político maior da Modernidade, condicionante fundamental da inclusión social, a través da figura do cidadán. Na era da Globalización, a crise da Nación, nas súas modalidades de expresión modernas do pobo e do Estado-Nación, tórna-se evidente, e de extraordinaria profundidade, como consecuencia das presións converxentes de dous ordes de mutacións sistémicas. En primeiro lugar, a emerxencia das singularidades locais, propia non só dunha sorte de mecanismo defensivo ante unha Globalización homoxeneizadora, senón tamén da crise identitaria en sociedades crecentemente móbiles e complexas. En segundo lugar, a progresiva conformación dunha verdadeira sociedade global-imperial, como espazo de exercicio da soberanía, xa que boa parte dos eidos de decisión

básicos que se sustanciaban na área territorial do Estado-Nación só poden exercitar-se hoxe no territorio global-imperial, o que priva de boa parte da súa lexitimidade a ese referente nacional.

Por outra banda, prodúcese a crise da identidade local, no eido espacial máis inmediato dos individuos, como consecuencia da maior mobilidade poboacional, que crea sociedades crecentemente multiculturais, mestizas, producindo unha mutación dos costumes que xera como efecto unha evidente sensación de incertidume por desorientación. Con todo, esta crise da identidade local non só se produce pola composición plurinacional das sociedades, derivada das migracións internacionais crecentes, senón tamén polas migracións *internas* dentro dos propios países, así como pola redefinición espacial, que multiplica –e alonxa- os eidos de realización das diferentes facetas da vida, e que crea estruturas residenciais cun ínfimo grao de integración comunitaria.

Se ben as mutacións económicas e sociais mencionadas constitúen factores de risco, determinantes de altos niveis de incertidume e percepción subxetiva de inseguridade, existen tamén outros fenómenos de non menor relevancia na conformación desa *sociedade do risco* que merecen ser destacados, aínda sen ánimo algún de exhaustividade.

Un deses fenómenos capitais é a progresiva degradación medioambiental, proceso desenvolvido desde o comenzo da industrialización, pero acelerado na segunda metade do s. XX e, sobre todo, especialmente sensible nas últimas décadas. Esta realidade acarrea múltiples consecuencias en materia de diminución da propia calidade de vida, afectando aos recursos naturais, á biodiversidade e, incluso, á saúde humana, mediante a proliferación de enfermidades letais, e a ameaza permanente de riscos inabordables, singularmente os derivados da enerxía nuclear.

No mesmo marco inciden os riscos de carácter sanitario-alimentario, que se manifestan non só nos efectos da contaminación

ambiental, senón tamén na aparición de infeccións descoñecidas, na adulteración alimentaría, nas ignotas consecuencias do emprego de innovacións xenéticas en produtos destiñados ao consumo humano ou na aparición de doenzas de efectos e difusión indeterminados. O panorama dos riscos sanitarios compléta-se coa emerxencia de novas patoloxias –físicas e psíquicas- contemporáneas, como as vencelladas ao consumo e á imaxe (en particular, a anoréxia e a bulimia), que se suman a pandemias non (ou non abondo) superadas. Alén do eido das enfermidades, os riscos para a saúde colectiva manifestan-se con crueza nos altos niveis de sinistralidade, sobre todo no terreo laboral y no da circulación viária, fenómenos –en especial o segundo- sentidos colectivamente cunha singular intensidade.

Neste breve catálogo de factores xeradores de riscos debe facer-se referencia a unha moi relevante mutación do sentido social do tempo e do espazo. Esta alteración das dimensións topográficas e cronolóxicas nas que os individuos inscriben as súas existencias cotiás pode quizáis resultar menos perceptible que algúns dos cambios sociais previamente aludidos, pero non por iso as súas consecuencias en materia de xeración de ansiedade social son menores. A mutación de ambas dimensións relaciona-se coa revolución dos transportes e, sobre todo e de xeito máis recente, coa revolución das tecnoloxías da información e a comunicación. Se ben os efectos da mutación do sentido social do espazo xa teñen sido parcialmente aludidos, as consecuencias no caso da mutación da magnitude temporal son igualmente relevantes, en particular polo crecente sometemento dos individuos aos ritmos dos dispositivos tecnolóxicos, no que algún autor ten denominado a época da *aceleración maquinal posthumana*.

É fácilmente comprensible que os riscos e crises mencionados, que producen un relevante descenso dos graos de coesión social e de solidariedade comunitaria, xeren no corpo social uns niveis de desorientación, incertidume e inseguridade notables. E esa sensación de

inseguridade, na medida en que se sustenta na crise de dispositivos reguladores de natureza informal, como a familia, a escola, a relixión ou a clase, estimula a demanda cidadá de intervención dos dispositivos de control social formal. En efecto, nunha etapa de crise profunda desas institucións de regulación, a demanda cidadá de intervención dos dispositivos de control social formal –o Dereito e o Estado, dito brevemente- tórna-se prioritaria, e proporcional ao grao crecente de incertidume e de percepción da desorde e da falta de coesión social propios desa crise.

### **3. A obsesión pola inseguridade cidadá nas *sociedades do risco***

Con todo, aos efectos da análise que se pretende neste texto, a realidade que se ven de describir necesita unha caracterización máis concreta. Non chega con asumir que en relación coa aproximación social e institucional á seguridade fronte á criminalidade o que interesa non son os (novos) factores obxectivos de perigo, senón a sensación subxetiva de inseguridade. Cómpre máis que iso: é preciso comprender as mediacións significativas que determinan que esa inseguridade sentida sexa transmutada colectivamente como diminución dos niveis de tolerancia social, como obsesión pola vixilancia e o control (terreo abonado para a difusión das prácticas criminolóxicas da denominada *prevención situacional*), como desexo de fortificación e de segregación ante sectores percibidos como portadores de riscos de carácter criminal.<sup>31</sup>

Porque precisamente trátase diso: trátase de comprender que unha sensación social de incertidume ante unha pluralidade multifactorial de perigos transmúta-se cada vez máis nunha inseguridade tomada nun sentido moito máis estrito, isto é, en inseguridade cidadá.<sup>32</sup>

---

Unha proba fundamental desta sorte de mutación significativa son os resultados dos barómetros de opinión sobre os principais problemas do presente. No caso español, os estudos de opinión elaborados periódicamente polo *Centro de Investigaciones Sociológicas* (CIS) amosan que no conxunto do periodo 1995-2004 o terrorismo apareceu como o segundo problema máis preocupante socialmente, a inseguridade cidadá como o terceiro, a inmigración como o cuarto e as drogas como o quinto, materias todas elas que poden ser fácilmente interpretadas en clave de seguridade (cidadá).<sup>33</sup>

Tráta-se, xa que logo, de entender como é posible que se opere esa *metonimia* social, na cal os riscos tenden cada vez máis a identificarse cunha parte menor dos mesmos, fronte á cal se reacciona demandando unha solución que, en certa medida, debe servir non só para solventar esa inseguridade específica, senón tamén para conxurar riscos e incertidumes de alcance moito máis global.

### **3.1. Responsabilidade dos medios de comunicación e dos cargos públicos na creación da hexemonia da inseguridade cidadá**

A hipótese que se pretende atravesar neste texto é a de que unha parte relevante da explicación desa metonimia atópa-se na intervención de determinadas instancias de mediación significativa, que contribúen de xeito notable a construír a representación social da realidade. En concreto, tráta-se de indagar a relevancia que lle corresponde na materia aos medios de comunicación de masas e aos cargos públicos con responsabilidades en seguridade, sen perxuízo de saber que no proceso incide tamén de xeito relevante o devir mercadoría da seguridade, e a creación dun sector empresarial en torno á mesma.<sup>34</sup>

En primeiro lugar, corresponde unha posición central neste proceso de produción de sentido aos *medios de comunicación masiva*,

---

<sup>3434</sup> A industria da seguridade privada, como todo operador mercantil, tende a incentivar unha demanda para cuxa satisfacción se ofrece. Sobre iso, ver PAVARINI, 1997: 80.

dado o seu protagonismo na construción social da realidade.<sup>35</sup> Os *media* (prensa, rádio, televisión, pero tamén, a estes efectos, toda a industria do entretemento) teñen ido conformando unha determinada gramática de representación da inseguridade, e, singularmente, da inseguridade ante o delito; pode afirmar-se que esa gramática ten contribuído sobremaneira a priorizar a inseguridade cidadá na percepción subxetiva dos riscos contemporáneos, así como a producir a desproporción entidade obxectiva dos perigos-sensación subxetiva dos riscos.<sup>36</sup> Se se ten en conta a gramática actual dos *media*, non debería estranar a gran atención que lle prestan ao delito, dada a facilidade que o mesmo outorga para ser obxecto de presentación espectacular, así como para enfatizar os elementos emocionais das informacións, pola súa sinxela dramatización e pola súa aparencia de neutralidade política.<sup>37</sup>

Algunhas das características da gramática dos *media* ante o delito, que amplifican a alarma social ante determinada criminalidade, e contribúen así a canalizar incertidumes e ansiedades sociais cara á inseguridade ante o delito, son:<sup>38</sup>

a) prodúcese unha narración dicotómica da realidade, tendencialmente estruturada entre bós e malos, o Ben e o Mal, que coadxuva a solidificar os códigos valorativos do público, como mecanismo de primeira orde de coesión, estabilización -e control- social. Tal narración simplista susténtase sobre a adopción dunha serie de regras de construción do discurso; a estes efectos, cabe mencionar a cancelación case absoluta do punto de vista do infractor, a adopción da perspectiva da vítima –máis facilmente dramatizable en termos

---

<sup>3535</sup> Sobre a extraordinaria incidencia dos medios de comunicación na conformación da Política Criminal, ver, por todos, BECKETT/SASSON, 2004: 73 e ss., 108 e ss.; GARLAND, 2005: 261 e ss.; DAL LAGO, 2004: 71 e ss.; REINER, 2002: 376 e ss.; SOTO NAVARRO, 2005: 1 e ss. Ver asimismo DIEZ RIPOLLÉS, 2003: 25, 27 e ss., 34 e ss.

<sup>3636</sup> Ver, de esta opinión, BECKETT/SASSON, 2004: 81; DIEZ RIPOLLÉS, 2005: 257; FUENTES OSORIO, 2005: 9 e ss., e 15; GARLAND, 2005: 263; SILVA SÁNCHEZ, 2001: 38.

<sup>3737</sup> Ver BECKETT/SASSON, 2004: 80 e 93; BOURDIEU, 1997: 81, 101 e ss.; FUENTES OSORIO, 2005: 2 e ss.

<sup>3838</sup> Ver SILVA SÁNCHEZ, 2001: 38. Ver asimismo FUENTES OSORIO, 2005: 2 e ss., 10 e ss.; WACQUANT, 2002: 40.

emocionais-, e a priorización das axencias institucionais –en particular, policiais- como fontes de información e interpretación;

b) nesa liña, represéntase a realidade criminal a partir dunha serie limitada de estereotipos de carácter acusadamente simplista, e de doado consumo, que canalizan unha narración e un discurso preñados de reducionismos. Non son os menos significativos deses reducionismos o que conduce a identificar como delincuencia só unha parte mínima dos fenómenos de danosidade social (en certa medida aquela parte máis facilmente presentable como espectáculo), e o lugar común que tende a presentar como causas da criminalidade as deficiencias do sistema penal, caracterizado sempre como excesivamente benigno (ben sexa pola existencia de leis escasamente severas, ben pola actuación de xuíces permisivos ou polo aproveitamento de garantías normativamente consagradas). Que este erróneo lugar común incentiva a demanda social de endurecemento da resposta ao delito é algo que apenas precisa ser resaltado;

c) a gramática da representación mediática dos fenómenos criminais sométe-se a determinadas esixencias inherentes ao xeito de entender esa función comunicativa, como a rapidez, a simplificación, a dramatización, a proximidade ou inmediatez, así como á necesidade de presentar cada información como un feito novo ou sorprendente, o que se pode evidenciar con claridade nas denominadas *ondas artificiais de criminalidade*;

d) a consecuencia xeral de todo este xeito de representación é a produción dun efecto de amplificación da alarma social en relación con determinada criminalidade, incrementando o temor do cidadán a ser vítima dos delitos hipervisibilizados. De feito, o factor fundamental neste eido é a hipervisibilización. Ese efecto non se refire só a unha certa selección de contidos e de xeitos de presentación da información referente ao sistema penal. Vai alén diso: xera unha sensación de ubicuidade e especial perversidade da criminalidade. A esta hipervisibilización

contribúen outras consecuencias dos códigos comunicativos dos medios, singularmente a confusión entre o lonxano e o próximo, e a conseguinte tendencia a substituír a experiencia propia pola representación mediática como condicionante capital das percecións sociais.<sup>46</sup>

Con todo, non pode atribuír-se aos *media*, de xeito unidimensional, a plena responsabilidade na produción dunha certa ansiedade social ante a criminalidade. Os diferentes actores en presenza, con independencia do grao de protagonismo respectivo, producen e retroalimentan unha representación cultural común, un marco de sentido (*frame*), sobre a criminalidade e os riscos asociados a ela. Deste xeito, os *media* contribúen a institucionalizar, reforzándoo e dando-lle unha formidable resonancia, un determinado *frame* sobre estas materias, que resulta solidificado porque responde a unha certa percepción social previa.<sup>47</sup>

Nada moi diferente é o que acontece, como instancia de mediación significativa, cos *cargos públicos con responsabilidades en materia de políticas de seguridade*.<sup>48</sup> Probablemente estes actores interveñen partindo do dato previo da priorización do temor ao delito pola cidadanía, pero non é menos seguro que ao centrar os discursos e prácticas sobre o tema da inseguridade na materia delictiva contribúen a reforzar ese rol privilexiado.<sup>49</sup>

En consecuencia, un dos motivos que fundamenta a relevante atención que os cargos públicos prestan ao fenómeno delictivo –e aos

---

<sup>4646</sup> Sobre todo isto, ver GARLAND, 2005: 153; MELOSSI, 2002: 243; SILVA SANCHEZ, 2001: 38. Ver asimismo Díez Ripollés, 2003: 29; Fuentes Osorio, 2005: 11, 13, 15 e s.

<sup>4747</sup> Sobre esta cuestión, ver, por todos, BECKETT/SASSON, 2004: 6 e s., 97 e ss.; Fuentes Osorio, 2005: 13 e ss.; GARLAND, 2005: 263; DAL LAGO, 2004: 74. Ver asimismo Díez Ripollés, 2003: 20 e ss.; ROBIN, 2004: 8, 15, 162 e s., 180 e s.

<sup>4848</sup> Sobre o particular, ver BECKETT/SASSON, 2004: 46 e ss.; Díez Ripollés, 2005: 257, n. 33; ROBIN, 2004: 16 e 181.

BIGO, 2005: 89 e ss., realiza unha moi suxerente reflexión sobre a incidencia na construción dos temores e ansiedades sociais e, en particular, sobre a influencia concreta nos responsables públicos, das axencias competentes en materia de xestión da seguridade, entendendo por tal o conxunto de altos funcionarios policiais, aduaneiros, xurídicos, diplomáticos e militares, que, sobre todo nunha etapa de transnacionalización da materia, están adquirindo crecentes capacidades de intervención na definición das estratexias e políticas de seguridade.

<sup>4949</sup> Ver BAUMAN, 2000: 116; BECKETT/SASSON, 2004: 46, 49; GARLAND, 2005: 50, 225, 227, 255, 323; ROBIN, 2004: 16, 181.

temores que suscita- é sen dúbida a transcendéncia que a propia cidadanía outorga á materia, o que explica, por certo, que os discursos de ditos responsables carezan de oposición social ou política con capacidade de intervención significativa. Non obstante, concurren tamén outras razóns, singularmente vencelladas ás limitacións da marxe de acción dos responsables públicos estatais, sobre todo en materia de garantía da seguridade.

En efecto, en relación con esta segunda instancia de mediación significativa seguramente non interesa tanto analizar a gramática do seu discurso público sobre a materia, canto comprender as razóns e as implicacións de que presten crecente interese ás políticas de seguridade ante o delito, e de que as súas propostas tendan a priorizar o endurecemento permanente da resposta institucional.

A principal matriz de sentido neste punto debe atopar-se na redefinición das funcións e capacidades soberanas da forma-Estado. En efecto, os responsables públicos estatais ven-se hoxe incapacitados para afrontar un amplo conxunto dos factores determinantes da sensación social de inseguridade, ben por tratar-se de mutacións sistémicas inabordables –v. gr., a crise dos referentes identitarios da Modernidade-, ben por referir-se a transformacións de carácter socioeconómico respecto das que se proscribe globalmente adoptar políticas contrafácticas que sexan pouco máis que coxunturais –v. gr., as mutacións vencelladas ás crises do *welfare* e do fordismo ou, en certa medida, a emerxencia ecolóxica-.<sup>50</sup> Seguramente as capacidades dos responsables públicos non son moito maiores no que se refire á posibilidade de reducir os niveis de criminalidade,<sup>51</sup> pero iso tampouco é determinante, xa que neste eido o verdadeiramente prioritario é contraer o temor ao delito, a sensación de inseguridade que leva aparellada, o cal resulta quizáis máis factible. En efecto, non se trata senón de mitigar a indignación e o medo cidadáns, e

---

<sup>50</sup> <sup>50</sup> Ver BAUMAN, 2000: 117 e s.

<sup>51</sup> <sup>51</sup> Ver GARLAND, 2005: 284 e s.

de restaurar a credibilidade no sistema de control del delito,<sup>52</sup> algo especialmente necesario nunha etapa de escasa confianza nos representantes públicos. Isto contribúe a que as cuestións relativas á criminalidade e ao seu combate adquiran relevancia nos discursos e prácticas destes responsables políticos, como solucións doadas ante problemas socialmente entendidos como acuciantes.<sup>53</sup>

Este fenómeno debe ser contemplado tamén desde a perspectiva electoral.<sup>54</sup> Non en van, produce-se nos últimos lustros no eido occidental unha acusada *politización* (en sentido electoral) das estratexias e prácticas en materia de protección ante a criminalidade, que pasan a ser obxecto principal dos discursos políticos e das ofertas partidárias.<sup>55</sup> Na medida en que as cuestións directa ou indirectamente conectadas coa criminalidade constitúen preocupacións prioritarias da cidadanía, convírten-se nun recurso político-electoral relevante, de xeito que os aspirantes a ocupar responsabilidades públicas se ven obrigados a ocupar-se de xeito primordial de ofrecer solucións fronte a elas. Se, ademais, a loita contra a criminalidade constitúe parte do limitado campo de acción que a estes responsables lles resta, compréndese aínda en maior medida que dediquen atención crecente a estas materias. Na procura de rendabilidade electoral inmediata, as crecentes demandas públicas de seguridade a reforzan como valor público, que pode ser facilmente negociado mediante o intercambio de consenso electoral por aparentes, e simbólicas, representacións de seguridade (ante o delito).<sup>56</sup>

---

<sup>52</sup> <sup>52</sup> Ver, por todos, GARLAND, 2005: 224 e ss., 284.

<sup>53</sup> <sup>53</sup> Ver BAUMAN, 2000: 117; CAVADINO/DIGNAN, 2006: 47; GARLAND, 2005: 323.

<sup>5454</sup> A referencia electoral neste punto ten sentido para os procesos electivos a cargos do poder lexislativo ou do poder executivo, pero tamén do xudicial, en aqueles países que -como EE.UU.- empregan tal procedemento de selección para elixir a membros dos órganos de persecución penal. Ver CAVADINO/DIGNAN, 2006: 55; GARLAND, 2005: 404; TONRY, 2004: 206 e ss.; WACQUANT, 2002: 40.

<sup>5555</sup> Ver BECKETT/SASSON, 2004: 46, 52 e ss.; GARLAND, 2005: 49 e s., 194, 222, 244, 282 e s.; SOTO NAVARRO, 2005: 16 e ss.; WACQUANT, 2002: 39, 119. Ver asimismo DAL LAGO, 2004: 115 e s.

Por outra banda, esta crecente *politización* da materia ten conducido á marxinación dos expertos no deseño das políticas penais. Sobre isto, ver, entre outros, GARLAND, 2005: 251 e ss.; DÍEZ RIPOLLÉS, 2003: 30 e ss.; DAL LAGO, 2004: 75.

<sup>5656</sup> Ver BAUMAN, 2000: 116, 118; FUENTES OSORIO, 2005: 4, 41 e ss.; GARLAND, 2005: 49 e s., 282; PAVARINI, 1997: 80. Ver asimismo SILVA SÁNCHEZ, 2001: 69 e ss.; WACQUANT, 2000: 129 e ss.

Pero non se trata só de que as cuestións relativas á seguridade ante o delito ocupen crecente centralidade nos discursos políticos, sobre todo en aqueles orientados eleitoralmente. Tan relevante ou máis que iso é o feito de que en ditos discursos a inflación da severidade do sistema penal tende cada vez máis a aparecer como a única alternativa. As razóns desa circunstancia poden buscar-se na obsesión por transmitir mensaxes de seguridade, na intención de acomodarse á –errónea– crenza social na excesiva benignidade do sistema penal, e na dificultade de acudir a solucións máis complexas; todos estes condicionantes priorizan que a inflación da severidade do sistema sexa practicamente a única proposta nesta materia por parte dos responsables públicos.

En suma, a presente aproximación dos cargos públicos ás materias da seguridade ante o delito evidencia que as retóricas neoliberais de superación do *Big Government* (Grande goberno) non se corresponden coa realidade: a actividade estatal non diminúe, senón que se reordea, tendendo a concentrarse en determinadas áreas de intervención,<sup>61</sup> singularmente as relativas ao control social, á garantía da orde pública e –obviamente– á seguridade global. En certo sentido, é precisamente nesas áreas nas que a forma-Estado procura a lexitimidade e a funcionalidade parcialmente perdidas coa súa progresiva retirada dos territorios do económico e do social, dando deste xeito por concluído o pacto fordista-keynesiano da segunda postguerra mundial. Nesas áreas procura-se un reforzamento da autoridade estatal, nunha etapa na que a forma-Estado perde competencias soberanas, de forma crecente, a favor do mercado e dos actores –públicos e privados– de carácter supranacional, e na que se atopa con dificultades cada vez maiores para gobernar sociedades crecentemente complexas. En último caso, desde ese punto de vista debe contemplarse a *Guerra ao Terrorismo*, paradigma securitario contemporáneo no que se mesturan elementos bélicos e xurídico-penais, de garantía da seguridade interna e global, e que aparece como formidable instrumento privilexiado de

---

reafirmación da lexitimidade estatal, cara á construción dun renovado modelo de soberanía.<sup>62</sup>

#### **4. Conclusión: a crise permanente da Política criminal**

A metonímia das estratéxias de seguridade que se ven de caracterizar xera importantes consecuencias para a Política criminal. Dito do xeito máis sintético posible, ás políticas de seguridade ante o crime, en tanto que dispositivos hoxe prioritarios de estabilización e coesión social, se lles coloca ante un reto que lles resulta inabordable: o de construír mensaxes de garantía fronte a unha sensación de risco que desborda por completo o eido de operatividade deses dispositivos.<sup>63</sup> O posible efecto apenas precisa ser salientado: a incapacidade da oferta –pública e privada- de seguridade ante o crime para satisfacer a demanda cidadá pode determinar, nunha sorte de exercicio autopoietico, o reforzamento desa demanda e das solucións á mesma por parte das instancias públicas.<sup>64</sup> A actual cultura de control do crime contribúe, xa que logo, non só a xestionar o medo ante o delito, senón tamén a produci-lo.<sup>65</sup>

#### **Bibliografía citada**

- Anastasia, Stefano (2006), “Diritto e diritti, prima e dopo l’11.9”, en Rivera, Iñaki e outros, *Contornos y pliegues del Derecho: Homenaje a Roberto Bergalli*, Barcelona, Anthropos.
- Bauman, Zygmunt (2000), *Globalization: The human consequences*, Cambridge, Polity.
- Bauman, Zygmunt (2003), *Comunidad*, Madrid, Siglo XXI.
- Beck, Ulrich (1998), *La sociedad del riesgo*, Barcelona, Paidós.
- Beckett, Katherine e Sasson, Theodore (2004), *The Politics of Injustice*, 2ª ed., Thousand Oaks, Sage.

<sup>62</sup> Ver, por todos, PAYE, 2005: 8 e s.

<sup>63</sup> <sup>63</sup> Ver PALIDDA, 2000: 164.

- Berardi, Franco (2003), *La fábrica de la infelicidad*, Madrid, Traficantes de Sueños.
- Berardi, Franco (2004), *Il sapiente, il mercante, il guerriero*, Roma, DeriveApprodi.
- Bigo, Didier (2005), «La mondialisation de l'(in)sécurité? Reflexions sur le champ des professionnels de la gestion des inquiétudes et analytique de la transnationalisation des processus d'(in)sécurisation », *Cultures & Conflits*, 58.
- Boltanski, Luc e Chiapello, Eve (2002), *El nuevo espíritu del capitalismo*, Madrid, Akal.
- Bourdieu, Pierre (1997), *Sobre la televisión*, Barcelona, Anagrama.
- Capella, Juan Ramón (1993), *Los ciudadanos siervos*, Madrid, Trotta.
- Capella, Juan Ramón (1997), *Fruta prohibida: Una aproximación histórico-teorética al estudio del derecho y del estado*, Madrid, Trotta.
- Castel, Robert (1999), *Les métamorphoses de la question sociale*, Paris, Gallimard.
- Castel, Robert (2003), *L'insécurité sociale*, Paris, Seuil/La Republique des Ideas.
- Castells, Manuel (1998), *La era de la información*, vol. II, Madrid, Alianza.
- Castells, Manuel (2001), *La era de la información*, vol. I, 2ª ed., Madrid, Alianza.
- Cavadino, Michael e Dignan, James (2006), *Penal Systems: A comparative approach*, London, Sage, London.
- Christie, Nils (2004), *Una sensata cantidad de delito*, Buenos Aires, Del Puerto.
- Dias Neto, Theodomiro (2004), "En búsqueda de un concepto de 'Nueva Prevención'", *Revista Anthropos*, 204.
- Díez Ripollés, José Luis (2003), *La racionalidad de las leyes penales*, Madrid, Trotta.
- Díez Ripollés, José Luis (2005), "De la sociedad del riesgo a la seguridad ciudadana: un debate desenfocado", en Bacigalupo, Silvina e Cancio Meliá, Manuel (orgs.), *Derecho Penal y política transnacional*, Barcelona, Atelier.
- Faria, José Eduardo (2001), *El Derecho en la economía globalizada*, Madrid, Trotta.
- Fuentes Osorio, Juan Luis (2005), "Los medios de comunicación y el Derecho Penal", *Revista Electrónica de Ciencia Penal y Criminología*, 7.
- Garland, David (2005), *La cultura del control*, Barcelona, Gedisa.
- García España, Elisa e Pérez Jiménez, Fátima (2005), *Seguridad ciudadana y actividades policiales*, Málaga, IAIC/Fund. El Monte.
- Giddens, Anthony (1993), *Consecuencias de la modernidad*, Madrid, Alianza.
- Giddens, Anthony (1999), *La tercera vía: La renovación de la socialdemocracia*, Madrid, Taurus.
- De Giorgi, Alessandro (2002), *Il governo dell'eccedenza: Postfordismo e controllo della moltitudine*, Verona, Ombre corte.
- Gorz, André (1998), *Miserias del presente, riqueza de lo posible*, Buenos Aires, Paidós.
- Hardt, Michael e Negri, Antonio (2002), *Imperio*, Barcelona, Paidós.
- Hardt, Michael e Negri, Antonio (2003), *El trabajo de Dionisos*, Madrid, Akal.

- Hardt, Michael e Negri, Antonio (2004), *Multitude: War and Democracy in the age of Empire*, New York, The Penguin Press.
- Hobsbawn, Eric (1995), *Historia del siglo XX*, Barcelona, Crítica.
- Dal Lago, Alessandro (2004), *Non-persone: L'esclusione dei migranti in una società globale*, Milano, Feltrinelli.
- Lazzarato, Maurizio (2006), *Por una política menor: Acontecimiento y política en las sociedades de control*, Madrid, Traficantes de Sueños.
- Marazzi, Christian (2002), *Capitale & linguaggio*, Roma, DeriveApprodi.
- Matthews, Roger (2003), *Pagando tiempo*, Barcelona, Bellaterra.
- Melossi, Dario (2002), *Stato, controllo sociale, devianza*, Milano, Bruno Mondadori.
- Mendoza Buergo, Blanca (2001), *El Derecho Penal en la sociedad del riesgo*, Madrid, Civitas.
- Montes, Pedro (1996), *El desorden neoliberal*, Madrid, Trotta.
- Palidda, Salvatore (2000), *Polizia postmoderna: Etnografía del nuevo controllo sociale*, Milano, Feltrinelli.
- Pavarini, Massimo (1997), "Controlling Social Panic: Questions and Answers About Security in Italy at the End of the Millennium", en Bergalli, Roberto e Sumner, Colin (orgs.), *Social Control and Political Order*, London, Sage.
- Paye, Jean-Claude (2005), *La fine dello Stato di Diritto*, Roma, Manifestolibri.
- Portilla Contreras, Guillermo (2005), "El Derecho Penal de la 'Seguridad'. Una secuela inevitable de la desaparición del Estado Social", en Brandariz, José Ángel e Pastor, Jaime (orgs.), *Guerra global permanente: La nueva cultura de la inseguridad*, Madrid, Los libros de la Catarata.
- Reiner, Robert (2002), "Media made criminality: the representation of crime in the mass media", en Maguire, Mike e outros (orgs.), *The Oxford Handbook of Criminology*, 3ª ed., Oxford, Oxford Univ. Press.
- Revelli, Marco (2002), *Más allá del siglo XX*, Barcelona, El Viejo Topo.
- Robin, Corey (2004), *Fear: The history of a political idea*, New York, Oxford Univ. Press.
- Rodríguez, Emmanuel (2003), *El gobierno imposible*, Madrid, Traficantes de Sueños.
- Sennet, Richard (2000), *La corrosión del carácter: Las consecuencias personales del trabajo en el nuevo capitalismo*, Barcelona, Anagrama.
- Silva Sánchez, Jesús-María (2001), *La expansión del Derecho Penal*, 2ª ed., Madrid, Civitas.
- Soto Navarro, Susana (2005), "La influencia de los medios en la percepción social de la delincuencia", *Revista Electrónica de Ciencia Penal y Criminología*, 7.
- Tiddi, Andrea (2004), "Precarios. Trayectorias de vida entre trabajo y no trabajo", *Brumaria*, 3.
- Tonry, Michael (2004), *Thinking about Crime*, Oxford, Oxford Univ. Press.
- Virilio, Paul e Lotringer, Sylvere (1997), *Pure War*, New York, Semiotext(e).
- Wacquant, Loïc (2000), *Las cárceles de la miseria*, Madrid, Alianza.
- Wacquant, Loïc (2002), *Simbiosi mortale: Neoliberalismo e politica penale*, Verona, Ombre corte.
- Young, Jock (2003), *La sociedad 'excluyente'*, Madrid, Marcial Pons.

- Žižek, Slavoj (2005), Bienvenidos al desierto de lo real, Madrid, Akal.